



PRIMEIRA ACTA DA XUNTA ELECTORAL

En San Pedro de Nós e sendo as 17:00 horas do día tres de novembro de dous mil vintedous, reúnense no despacho do responsable do CEIP Juana de Vega, desta localidade, as persoas que máis abaixo se relacionan, nomeadas en virtude do artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, que regula a constitución da Xunta Electoral responsable da organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar, ao obxecto de tratar os seguintes asuntos:

Primeiro.- O Responsable do Centro, D., Jorge Campos Mondelo que baixo a súa presidencia se realiza a reunión, da lectura a tódolos presentes dos artigos 30 e seguintes do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario.

Segundo.- Seguidamente, en virtude das disposicións antes mencionadas, procédese á constitución da Xunta Electoral do Centro, quedando a mesma estruturada da forma seguinte:

- Presidente: D. Jorge Campos Mondelo Director/a do Centro.
- Vogais:
 - D.Sandra Pazos Rañó (Mestra)
 - D. Pedro Seoane Sexto (Pai)
 - D.María Dolores Beceiro Cabezal (Persoal de administración e servizos)

Actúa como Secretario/a

Terceiro.- O Responsable do centro, explica que despois de revisada a documentación do centro, na convocatoria do ano 2021, toca escoller 2 membros do sector do profesorado e 2 membros do sector dos pais,nais ou titores/as legais (3 membros si o ANPA non presenta ningún candidato/a). No sector do persoal non docente e de servizos toca renovar 1 membro do sector.

Cuarto.- A Xunta Electoral, unha vez constituída e de acordo coa lexislación vixente, procede a aprobar a publicación das convocatorias dos distintos sectores de representación, así como a publicación dos seus correspondentes censos electorais, e establece o seguinte calendario electoral:

• **Día 3 de novembro:**

- Publicación das convocatorias de eleccións nos distintos sectores educativos: profesores e pais/nais.
- Publicación provisional dos censos dos sectores educativos citados.



- Envío de escrito a ANPA e ao CONCELLO solicitándolle a designación do seu representante.

4

• **Día 15 de novembro (Celebración da 2ª reunión da Xunta Electoral):**

- Proclamación e posterior publicación de candidaturas por sectores de representación.
- Aprobación definitiva de censos electorais, unha vez resoltas as posibles reclamacións.
- Aprobación de modelo de papeletas e sobres dos distintos actos electorais.
- Sorteo público da designación dos membros das mesas electorais.

• **Día 28 de novembro: Celebración das votacións de:**

- Persoal non docente. De 09:00 a 09:15
- Profesorado. De 18:00 a 18:30 horas
- Pais, nais e titores legais do alumnado, de 13:30 a 14:15 e de 15:30 a 17:30 horas

• **Día 29 de novembro (Celebración da 3ª e última reunión da Xunta Electoral):**

- Proclamación de candidatos electos.
- Traslado ao Xefe Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade das copias de actas das votacións efectuadas.

E sen máis asuntos que tratar, o Responsable do centro, como Presidente da Xunta Electoral, levanta a sesión ás 17:30 horas do día, mes e ano ao principio mencionado e que, como secretario/a, dou fe.

O/A
SECRETARIO/A,

Vº E PRACE:
O PRESIDENTE,

Asdo.: Jorge Campos Mondelo



Asdo.: Sandra Pazos Rañó

OS VOCAIS,

Asdo.: Pedro Seoane Sexto

Asdo.: María Dolores Beceiro Cabezal